

# GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

## ÍNDICE

1.- FICHA TÉCNICA.....	1
2.- ESTRUCTURA DO MATERIAL.....	2
3.- SECUENCIAS DE APRENDIZAXE.....	4
3.1.- BANDA DE PROFESIONAIS!.....	4
3.2.- DANDO A NOTA!.....	10
3.3.- GRAVAMOS!.....	16
3.4.- ESTAMOS NO AIRE!.....	22
3.5.- MÚSICA BUSCA VÍDEO!.....	28
3.6.- CÁMARA... ACCIÓN!.....	34
4.- CONTIDOS CURRICULARES.....	40
5.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.....	44
6.- ORIENTACIÓN DIDÁCTICAS.....	45
7.- TEMPORALIZACIÓN.....	45
8.- RECURSOS DE AVALIACIÓN.....	46

### 1.- FICHA TÉCNICA

Autora: Claudina Maneiro Arriaga

Ensinanza: Educación Secundaria Obrigatoria

Nivel: 2º-3º-4º cursos

Materia: Música

Destinatarios: Alumnado e profesorado

Procedencia: ExeLearning e Moodle

Idioma: Galego

Tipo de Recurso: Curso Moodle

Plataforma: Multiplataforma

Licenza: CREATIVE COMMONS (recoñecemento-compartir igual)

# GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

## 2.- ESTRUCTURA DO MATERIAL

Un **Estudio de Gravación** como base da motivación do alumnado, propiedade de **Dj Beat**, dende o cal faremos realidade varios proxectos audiovisuais en grupo.

Baixo esta premisa configúrase este plan formativo dirixido a desenvolver o currículo da materia de música na ESO, centrándose no eido máis audiovisual da materia.

A estrutura deste estudio de gravación é a seguinte:

**INICIO:** Benvida e presentación das secuencias de aprendizaxe organizadas en 6 obradoiros. Dende a **páxina principal do curso** pódese acceder directamente a:

- ✓ **6 OBRADOIROS:** Trátase de 6 miniproxectos audiovisuais coa seguinte estrutura xeral:
  - **Inicio: Dj Beat** preséntanos o miniproxecto que realizaremos no obradoiro.
  - **Traballando/Creando/Producindo/Retransmitindo/Deseñando/Actuando:** Son 4 tarefas con 3 actividades cada unha (12 actividades en total) que nos permitirán facer reais os nosos proxectos musicais e audiovisuais. Deberemos ir facendo cada actividade individual e grupal e, unha vez rematadas, envialas ao profesorado a través da aula virtual.
  - **Qué tal o fixemos?:** Ao finalizar o proxecto proposto, cubriremos este informe de multiavaliación para valorar individualmente todo o proceso, o traballo grupal e o noso propio esforzo.
  - **Axuda:** neste apartado podemos atopar solución aos posibles problemas que vaiamos atopando no desenvolvemento dos proxectos.

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

- **Dubidas?:** Neste foro expoñeremos as dúbidas e os problemas que nos vaian xurdindo e que non lle atopemos solucións consultando na axuda. O profesorado e os compañeiros e compañeiras axudarannos a resolvelas, e entre todos sacaremos adiante os proxectos.
- **Actividades individuais:** Aquí enviaremos cada actividade que fagamos individualmente, para que o profesorado as supervise e valore.
- **Actividades grupais:** Aquí enviaremos cada actividade que fagamos en grupo ou subgrupo, para que o profesorado as supervise e valore.
- **Multiavaliación: Qué tal o fixemos?:** Aquí enviaremos cada informe cuberto no apartado “Qué tal o fixemos?”, para que o profesorado o supervise.

No **menú lateral** ou na **parte baixa da páxina de inicio** accederemos a:

- ✓ **MUSIC BLOG:** acceso directo á páxina de Blogger coa conta de gmail.
- ✓ **DISCO CLUB:** enlaces ás principais plataformas online de música, sons e vídeo: SoundCLoud, Youtube, Ivoox, Jamendo, Musopen, Free Music Archive, FreeSound e SoundBox.
- ✓ **HOME STUDIO:** enlaces ós tutoriais de software musical e de vídeo necesario para desenvolver os proxectos así como a bibliotecas de partituras: MuseScore, Audacity, OpenShot, Movie Maker.
- ✓ **LOCAL DE ENSAIO:** enlaces a diferentes tutoriais e aplicacións para a práctica vocal e instrumental individual.

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### 3.- SECUENCIAS DE APRENDIZAXE

#### 3.1.- BANDA DE PROFESIONAIS!

##### A. OBXECTIVOS:

- Valorar o traballo colaborativo
- Crear grupos de traballo estables
- Crear e deseñar un blog grupal
- Coñecer e valorar as diferentes profesións relacionadas coa música

##### B. TAREFAS E ACTIVIDADES:

###### ◆ TAREFA 1: Coñecémonos e creamos un grupo musical

Actividade 1: Enquisa musical

Actividade 2: Escolle o teu nome artístico

Actividade 3: Creamos o grupo musical

###### ◆ TAREFA 2: Organizámonos en grupo

Actividade 4: Decidimos o nome do grupo

Actividade 5: Escollemos líder do grupo

Actividade 6: Formalizamos o contrato musical

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ TAREFA 3: Creamos e deseñamos un blog grupal

Actividade 7: Creamos contas en Google: grupal e individuais

Actividade 8: Creamos un blog grupal con Blogger

Actividade 9: Rompemos moldes co Music Blog

### ◆ TAREFA 4: Investigamos as profesións musicais

Actividade 10: Repartimos as profesións musicais

Actividade 11: Informe individual de profesións musicais

Actividade 12: Presentamos a nosa investigación

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### C. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICAS)

#### ◆ RÚBRICA TAREFA 1.- Coñecémonos e creamos un grupo musical

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>1.- ENQUISA MUSICAL</b>	Enquisa cuberta correctamente seguindo as instrucións.	Enquisa cuberta con 2 erros.	Enquisa cuberta con 3 erros.	Enquisa non cuberta o cuberta con 4 ou máis erros.
<b>2.- NOME ARTÍSTICO</b>	- Adáptase á personalidade artística que se desexa con creatividade. - Foi creado e xustificado seguindo algún método.	Adáptase á personalidade artística que se desexa con creatividade.	Adáptase á personalidade artística.	Non se adapta á personalidade artística.
<b>3.- CREACIÓN DO GRUPO</b>	O grupo cumpre todas as premisas consensuadas a través da interacción entre compañeiros/as.	O grupo cumpre 3 premisas consensuadas a través da interacción entre compañeiros/as.	O grupo cumpre a maioría das premisas.	O grupo non cumpre a maioría das premisas.

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 2.- Organizámonos en grupo

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>4.- DECIDIMOS O NOME DO GRUPO</b>	Adáptase ó estilo artístico que se desexa con creatividade. Foi creado e xustificado seguindo algún método e consensuado por todos os membros.	Adáptase ó estilo artístico que se desexa con creatividade. Foi consensuado por todos os membros.	Adáptase ó estilo artístico que se desexa.	Non se adapta ó estilo artístico que se desexa.
<b>5.- ESCOLLEMOS LÍDER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enquisa cuberta correctamente por todos os membros.</li> <li>- Presentación de varias candidaturas.</li> <li>- Elección discutida e consensuada por todos os membros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enquisa cuberta por todos os membros.</li> <li>- Elección discutida e consensuada entre os membros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enquisa cuberta por todos os membros.</li> <li>- Elección por votación, non houbo consenso grupal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enquisa non cuberta por todos os membros.</li> </ul>
<b>6.- FORMALIZAMOS CONTRATO MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contrato consensuado e cuberto correctamente.</li> <li>- Reparto de funcións consensuada grupalmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contrato consensuado e cuberto correctamente.</li> <li>- Reparto de funcións segundo preferencias individuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contrato cuberto correctamente.</li> <li>- Reparto de funcións por sorteo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contrato cuberto sen consenso ou con erros.</li> <li>- Reparto de funcións desequilibrado.</li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 3.- Creamos e deseñamos un blog grupal

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>7.- CONTAS EN GOOGLE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contas creadas correctamente seguindo as instrucións.</li> <li>- Nomes de usuario e imaxes apropiadas e consensuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contas creadas correctamente seguindo as instrucións.</li> <li>- Nomes de usuario apropiados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contas creadas correctamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contas creadas con erros.</li> <li>- Nomes de usuario e/ou imaxes inapropiadas.</li> </ul>
<b>8.- BLOG GRUPAL EN BLOGGER</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Perfil de usuario apropiado, cuberto cosensuadamente.</li> <li>- Entradas no blog: información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</li> <li>- Comentarios individuais: respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Perfil de usuario apropiado.</li> <li>- Entradas no blog: información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</li> <li>- Comentarios individuais: respectuosos, apropiados, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Perfil de usuario apropiado.</li> <li>- Entradas no blog: información correcta.</li> <li>- Comentarios individuais: respectuosos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Perfil de usuario non apropiado.</li> <li>- Entradas no blog: información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- Comentarios individuais: irrespectuosos ou inexistentes..</li> </ul>
<b>9.- ROMPEMOS MOLDES CO MUSIC BLOG</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño atractivo e creativo, apropiado ó estilo do grupo.</li> <li>- Edición correcta da plantilla do blog con imaxinación e creatividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño atractivo, apropiado ó estilo do grupo.</li> <li>- Edición correcta da plantilla do blog.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño apropiado ó estilo do grupo.</li> <li>- Edición da plantilla do blog.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño pouco apropiado ó estilo do grupo.</li> <li>- Edición da plantilla do blog incompleta.</li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 4.- Investigando as profesións musicais

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>10.- REPARTIMOS PROFESIÓN</b>	- Repartíronse as 25 profesións en consenso. - Táboa cuberta correctamente.	- Repartíronse 20 profesións en consenso. - Táboa cuberta correctamente.	- Repartíronse 15 profesións en consenso. - Táboa cuberta correctamente.	- Repartíronse menos de 15 profesións, por sorteo. - Táboa cuberta incorrectamente ou non cuberta.
<b>11.- INFORME INDIVIDUAL</b>	- Informe cuberto con información correcta contrastada, incorporación de ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos. - Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilízalos.	- Informe cuberto con información correcta, boa redacción, sen erros ortográficos. - Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilízalos.	- Informe cuberto con información correcta, sen erros ortográficos. - Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos.	- Informe cuberto con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos. - Non inclúe enlaces nen recursos.
<b>12.- PRESENTACIÓN</b>	- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo, creativo, claro e intuitivo. - <b>Entrada no blog:</b> información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos. - <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción. - <b>Presentación oral:</b> falar con claridade e despacio, vocabulario apropiado e explicado, volume	- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo e claro. - <b>Entrada no blog:</b> información correcta, boa redacción sen erros ortográficos. - <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, apropiados, boa redacción. - <b>Presentación oral:</b> falar con claridade, vocabulario apropiado, volume axeitado, postura e xesto correctos, dominar os contidos.	- <b>Presentación visual:</b> deseño claro. - <b>Entrada no blog:</b> información correcta. - <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos. - <b>Presentación oral:</b> falar con claridade, vocabulario apropiado, postura e xesto correctos.	- <b>Presentación visual:</b> deseño confuso. - <b>Entrada no blog:</b> información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos. - <b>Comentarios individuais no blog:</b> irrespectuosos ou inexistentes.. - <b>Presentación oral:</b> mala pronunciación, falar rápido, vocabulario inapropiado, postura e xesto incorrectos, non dominar os contidos.

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

	axeitado, postura e xesto correctos, respostar correctamente ás preguntas, dominar os contidos.			
--	---	--	--	--

### 3.2.- DANDO A NOTA!

#### A. OBXECTIVOS:

- Coñecer e profundizar na linguaxe musical e nas técnicas básicas de composición
- Despertar a creatividade á hora de compoñer melodías
- Crear partituras e aprender a desenvolver un acompañamento musical
- Interpretar vocal e instrumentalmente composicións e arranxos propios

#### B. TAREFAS E ACTIVIDADES:

##### ◆ TAREFA 1: Coñecendo os estilos musicais

Actividade 1: Repartimos os estilos musicais

Actividade 2: Informe individual de estilos musicais

Actividade 3: Expoñemos os resultados da investigación

##### ◆ TAREFA 2: Versionando ós clásicos

Actividade 4: Eleximos e analizamos cancións

Actividade 5: Arranxamos as nosas versións

Actividade 6: Editamos as novas versións co Musescore

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ TAREFA 3: Compoñendo as nosas cancións

Actividade 7: Argallamos os elementos musicais

Actividade 8: Creamos as nosas cancións co Musescore

Actividade 9: Presentamos as composicións e arranxos musicais

### ◆ TAREFA 4: No Local de Ensaio

Actividade 10: Ensaio individuais

Actividade 11: Ensaio grupais

Actividade 12: Actuamos en directo

### C. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICAS)

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 1.- Coñecendo os estilos musicais

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>1.- REPARTIMOS ESTILOS MUSCAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repartíronse os 10 estilos musicais en consenso.</li> <li>- Engadíronse e repartíronse 2 estilos máis para investigar.</li> <li>- Táboa cuberta correctamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repartíronse os 10 estilos musicais en consenso.</li> <li>- Táboa cuberta correctamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repartíronse os 10 estilos musicais por sorteo.</li> <li>- Táboa cuberta correctamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repartíronse menos de 10 estilos musicais por sorteo.</li> <li>- Táboa cuberta incorrectamente ou non cuberta.</li> </ul>
<b>2.- INFORME INDIVIDUAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe cuberto con información correcta contrastada, incorporación de ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilízalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe cuberto con información correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos con permisos para utilízalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe cuberto con información correcta, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe cuberto con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- Non inclúe enlaces nen recursos.</li> </ul>
<b>3.- EXPOÑEMOS RESULTADOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo, creativo, claro e intuitivo.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> falar con claridade e despacio, vocabulario apropiado e explicado, volume axeitado, postura e xesto correctos, responder correctamente ás preguntas, dominar os contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo e claro.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, apropiados, boa redacción.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> falar con claridade, vocabulario apropiado, volume axeitado, postura e xesto correctos, dominar os contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño claro.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> falar con claridade, vocabulario apropiado, postura e xesto correctos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño confuso.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> irrespectuosos ou inexistentes.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> mala pronunciación, falar rápido, vocabulario inapropiado, postura e xesto incorrectos, non dominar os contidos.</li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 2.- Versionando ós clásicos

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>4.- ELEXIMOS E ANALIZAMOS CANCIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Elección de 2 cancións</b> discutida e consensuada por todos os membros.</li> <li>- A elección cumpre todos os criterios: estilos diferentes e adaptados ó grupo, dificultade de interpretación.</li> <li>- <b>2 Informes de análise</b> cubertos con información correcta contrastada, incorporación de ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais correctos.</li> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo, creativo, claro e intuitivo.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Elección de 2 cancións</b> discutida e consensuada entre os membros.</li> <li>- A elección cumpre os criterios: estilos diferentes, dificultade de interpretación.</li> <li>- <b>2 Informes de análise</b> cubertos con información correcta contrastada, boa redacción, sen erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais correctos.</li> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo e claro.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, apropiados, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Elección de 2 cancións</b> por votación, non houbo consenso grupal.</li> <li>- A elección cumpre algún criterio.</li> <li>- <b>2 Informes de análise</b> cubertos con información correcta, sen erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais correctos.</li> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño claro.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se eleixiron 2 cancións.</li> <li>- A <b>elección</b> non cumpre os criterios.</li> <li>- <b>Informes de análise</b> cubertos con información correcta incorrecta, mala redacción, erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais incorrectos..</li> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño confuso.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> irrespectuosos ou inexistentes.</li> </ul>
<b>5.- ARRANXAMOS VERSIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>2 Informes de arranxos das versións</b> cubertos con información correcta contrastada, incorporación de ideas musicais propias, boa redacción, sen erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais correctos.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Aportacións individuais no blog ás versións:</b> respectuosas, ideas musicais propias, apropiadas, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>2 Informes de arranxos das versións</b> cubertos con información correcta contrastada, boa redacción, sen erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais correctos.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Aportacións individuais no blog ás versións:</b> respectuosas, apropiadas, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>2 Informes de arranxos das versións</b> cubertos con información correcta, sen erros ortográficos, linguaxe musical correcta.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta.</li> <li>- <b>Aportacións individuais no blog ás versións:</b> respectuosas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Informes de arranxo das versións</b> cubertos con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos, linguaxe e exemplos musicais incorrectos..</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- <b>Aportacións individuais no blog ás versións:</b> irrespectuosas ou inexistentes.</li> </ul>
	- Edición das 2 partituras no	- Edición das 2 partituras no	- Edición das 2 partituras no	- Edición das partituras no

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

<b>6.- EDITAMOS NO MUESCORE</b>	<p>Musescore correcta.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras xerais en formato musescore, partichelas en pdf. Información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción.</p>	<p>Musescore correcta.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras xerais en formato musescore, partichelas en pdf. Información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, apropiados, boa redacción.</p>	<p>Musescore correcta.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras xerais en formato musescore, partichelas en pdf. Información correcta.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos.</p>	<p>Musescore con erros.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras en formato incorrectos, información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> irrespectuosos ou inexistentes.</p>
---------------------------------	---	---	--	--

### ◆ RÚBRICA TAREFA 3.- Compoñendo as nosas cancións

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>7.- ARGALLAMOS ELEMENTOS MUSICAIS</b>	<p>- <b>Reparto de subgrupos</b> discutido e consensuado por todos os membros.</p> <p>- <b>As 2 cancións orixinais cumpren os criterios:</b> estilos diferentes e adaptados ó grupo, dificultade de interpretación.</p> <p>- <b>2 Informes de composición</b> cubertos correctamente, gravacións de ideas musicais propias e orixinais, creatividade nos elementos musicais, linguaxe musical correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</p>	<p>- <b>Reparto de subgrupos</b> discutido e consensuado por todos os membros.</p> <p>- <b>As 2 cancións orixinais cumpren os criterios:</b> estilos diferentes e adaptados ó grupo, dificultade de interpretación.</p> <p>- <b>2 Informes de composición</b> cubertos correctamente, gravacións de ideas musicais propias, elementos musicais correctos, linguaxe musical correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</p>	<p>- <b>Reparto de subgrupos</b> por sorteo.</p> <p>- <b>As 2 cancións orixinais cumpren algún criterio.</b></p> <p>- <b>2 Informes de composición</b> cubertos correctamente, elementos musicais correctos, linguaxe musical correcta, sen erros ortográficos.</p>	<p>- Non houbo <b>reparto de subgrupos.</b></p> <p>- <b>As 2 cancións non cumpren ningún criterio.</b></p> <p>- <b>2 Informes de composición</b> cubertos incorrectamente, elementos musicais incorrectos, linguaxe musical incorrecta, erros ortográficos.</p>
<b>8.- CANCIÓNS CO MUESCORE</b>	<p>- <b>Composición das 2 partituras</b> no Musescore orixinal, ideas musicais propias, creatividade nos elementos musicais.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras xerais en formato musescore, partichelas en pdf. Información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b></p>	<p>- <b>Composición das 2 partituras</b> no Musescore orixinal, ideas musicais propias, elementos musicais correctos.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras xerais en formato musescore, partichelas en pdf. Información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, apropiados, boa redacción.</p>	<p>- <b>Composición das 2 partituras</b> no Musescore correcta, elementos musicais correctos.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras xerais en formato musescore, partichelas en pdf. Información correcta.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos.</p>	<p>- <b>Composición das 2 partituras</b> no Musescore incorrecta, elementos musicais incorrectos.</p> <p>- <b>Entrada no blog:</b> partituras en formato incorrectos, información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</p> <p>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> irrespectuosos ou inexistentes.</p>

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

	respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción.			
<b>9.- PRESENTAMOS CANCIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Contidos sobre 2 cancións</b> expresados correctamente e elaborados seguindo un guión.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> falar con claridade e despacio, vocabulario apropiado e explicado, volume axeitado, postura e xesto correctos, discurso ameno, respostar correctamente ás preguntas, dominar os contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Contidos sobre 2 cancións</b> expresados correctamente e elaborados seguindo un guión.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> falar con claridade e despacio, vocabulario apropiado e explicado, volume axeitado, postura e xesto correctos, dominar os contidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Contidos sobre 2 cancións</b> elaborados seguindo un guión.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> falar con claridade, vocabulario apropiado, postura e xesto correctos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Contidos sobre cancións</b> inapropiados.</li> <li>- <b>Presentación oral:</b> mala pronunciación, falar rápido, vocabulario inapropiado, postura e xesto incorrectos, non dominar os contidos.</li> </ul>

### ◆ RÚBRICA TAREFA 4.- No Local de Ensaio

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>10.- ENSAIOS INDIVIDUAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Auto-Aprendizaxe guiada cos video-tutoriais e indicacións do profesorado.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz.</li> <li>- Dominio na interpretación instrumental ou vocal das 4 cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos video-tutoriais e ensinanzas do profesorado.</li> <li>- Dominio da técnica de cada instrumento ou voz.</li> <li>- Dominio na interpretación instrumental ou vocal de 3 cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Aprendizaxe guiada cos video-tutoriais e ensinanzas do profesorado.</li> <li>- Destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz.</li> <li>- Destrezas mínimas na na interpretación instrumental ou vocal de 3 cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica musical individual dos instrumentos ou voces.</li> <li>- Sen adquirir as destrezas mínimas coa técnica de cada instrumento ou voz.</li> <li>- Sen adquirir destrezas mínimas na interpretación instrumental ou vocal de 2 cancións.</li> </ul>
<b>11.- ENSAIOS GRUPAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical en grupo.</li> <li>- Cada membro desempeña correctamente o seu papel no grupo.</li> <li>- Independencia do grupo nos ensaios, seguindo as indicacións do profesorado.</li> <li>- Dominio na interpretación conxunta das 4 cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical en grupo.</li> <li>- Cada membro desempeña correctamente o seu papel no grupo.</li> <li>- Ensaio seguindo as ensinanzas do profesorado.</li> <li>- Dominio na interpretación conxunta das 4 cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese na práctica musical en grupo.</li> <li>- Cada membro desempeña correctamente o seu papel no grupo.</li> <li>- Ensaio seguindo as ensinanzas do profesorado.</li> <li>- Dominio na interpretación conxunta de 3 cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouco interese na práctica musical en grupo.</li> <li>- Non todos os membros desempeñan correctamente o seu papel no grupo.</li> <li>- Non se seguen as ensinanzas do profesorado nos ensaios.</li> <li>- Sen adquirir destrezas mínimas na interpretación conxunta de 2 cancións.</li> </ul>
	- Posta en escena correcta e	- Posta en escena correcta.	- Posta en escena correcta.	- Posta en escena incorrecta.

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

<b>12.- ACTUACIÓN EN DIRECTO</b>	desenfadada. - Compenetración entre todos os membros do grupo. - Cada membro desempeña correctamente o seu papel no grupo. - Dominio na interpretación conxunta das 4 cancións. - Boa sonoridade en conxunto.	- Compenetración entre todos os membros do grupo. - Cada membro desempeña correctamente o seu papel no grupo. - Dominio na interpretación conxunta das 4 cancións.	- Cada membro desempeña correctamente o seu papel no grupo. - Dominio na interpretación conxunta de 3 cancións.	- Non todos os membros desempeñan correctamente o seu papel no grupo. - Sen adquirir destrezas mínimas na interpretación conxunta de 2 cancións.
----------------------------------	---	--	--	---

### 3.3.- GRAVAMOS!

#### A. OBXECTIVOS:

- Coñecer e utilizar todos os recursos tecnolóxicos precisos para crear o noso propio estudio
- Aprender a utilizar un editor de audio
- Coñecer todo o proceso de gravación musical: preproducción, produción, postproducción
- Gravar e editar cancións

#### B. TAREFAS E ACTIVIDADES:

##### ◆ TAREFA 1: Creando o noso estudio de gravación

Actividade 1: Descubrimos os estudos de gravación

Actividade 2: Investigamos e interconectamos os compoñentes

Actividade 3: Experimentamos coa DAW

Presentación do noso estudio no music blog

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ TAREFA 2: Pre-producción

Actividade 4: Planificamos as estratexias de gravación

Actividade 5: Organizámonos para gravar

Actividade 6: Iniciamos un diario de gravación

### ◆ TAREFA 3: Producción

Actividade 7: Gravamos as nosas cancións

Actividade 8: Editamos

Actividade 9: Mesturamos

### ◆ TAREFA 4: Post-producción

Actividade 10: Masterizamos

Actividade 11: Compartimos o máster de gravación

Actividade 12: Compartimos a nosa experiencia

## C. CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RÚBRICAS)

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 1.- Creando o noso estudio de gravación

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<b>PRESENTACIÓN DO NOSO ESTUDIO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo, creativo, claro e intuitivo.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta e ordenada, boa redacción, linguaxe coloquial e expresiva sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, ideas propias, apropiados, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño atractivo e claro.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta, boa redacción sen erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos, apropiados, boa redacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño claro.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información correcta.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> respectuosos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presentación visual:</b> deseño confuso.</li> <li>- <b>Entrada no blog:</b> información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- <b>Comentarios individuais no blog:</b> irrespectuosos ou inexistentes.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>Subgrupo 1</b> 1.-DESCUBRIMOS ESTUDIOS DE GRAVACIÓN</p> <p style="text-align: center;"><b>Subgrupo 2</b> 2.- INVESTIGAMOS INTERCONECTAMOS COMPONENTES</p> <p style="text-align: center;"><b>Subgrupo 3</b> 3.- EXPERIMENTAMOS COA DAW</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Reparto de subgrupos</b> discutido e consensado por todos os membros.</li> <li>-Informe cuberto con información correcta contrastada, incorporación de ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos propios ou con permisos para utilizalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Reparto de subgrupos</b> discutido e consensado por todos os membros.</li> <li>-Informe cuberto con información correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos propios ou con permisos para utilizalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Reparto de subgrupos</b> por sorteo.</li> <li>-Informe cuberto con información correcta, sen erros ortográficos.</li> <li>- Inclusión de enlaces, imaxes, sons e/ou vídeos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non houbo <b>reparto de subgrupos</b>.</li> <li>-Informe cuberto con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- Non inclúe enlaces nen recursos.</li> </ul>

## GUÍA DIDÁCTICA “DJ AUDIOVISUAL: ESTUDIO DE GRAVACIÓN”

### ◆ RÚBRICA TAREFA 2.- Pre-Produción

ACTIVIDADES	4 SOBRESAÍNTE	3 NOTABLE	2 APROBADO	1 INSUFICIENTE
<p><b>Subgrupo 1</b></p> <p><b>4.- PLANIFICAMOS ESTRATEXIAS GRAVACIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, contrastada con todos os membros, ideas propias, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Informe final entregado ó subgrupo 3.</li> <li>- Calendario Google cuberto correctamente.</li> <li>- Adaptación da acústica do estudio correcta con solucións orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, boa redacción, sen erros ortográficos.</li> <li>- Informe final entregado ó subgrupo 3.</li> <li>- Calendario Google cuberto correctamente.</li> <li>- Adaptación da acústica do estudio correcta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información correcta, sen erros ortográficos.</li> <li>- Informe final entregado ó subgrupo 3.</li> <li>- Calendario Google cuberto correctamente.</li> <li>- Adaptación da acústica do estudio correcta con axuda do profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informe cuberto con información incorrecta, mala redacción, erros ortográficos.</li> <li>- Informe final non entregado ó subgrupo 3.</li> <li>- Calendario Google cuberto con erros ou non cuberto.</li> <li>- Adaptación da acústica do estudio incorrecta ou inexistente.</li> </ul>
